



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS ÁS COMISIÓNS/ASOCIACIÓNS ORGANIZADORAS DAS FESTAS PATRONAIS E POPULARES DE CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS DURANTE O ANO 2022 (PROGRAMA PEL – CONCELLOS_ AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS, INCLUÍDO NA LIÑA 1.3 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL)

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto destas bases é regular as axudas ás comisións/asociacións organizadoras das festas patronais e populares do Concello de Cabana de Bergantiños para a contratación de orquestras durante o ano 2022.

Estas axudas, que pertencen ao PROGRAMA PEL –CONCELLOS_ AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS, INCLUÍDO NA LIÑA 1.3 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL, teñen por finalidade contribuír á reactivación cultural e estimulación económica do sector empresarial do mundo do espectáculo, en concreto, do sector das orquestras e verbenas, para manter as que tradicionalmente se celebran en emprazamentos ao aire libre no termo municipal de Cabana de Bergantiños. Lévanse a cabo mediante unha achega económica ás comisións/asociacións organizadoras de festas, para que contraten orquestras nas festas patronais e populares do Concello de Cabana de Bergantiños.

2. FINANCIAMENTO

O crédito para financiar as axudas reguladas nestas bases é integramente financiado polo Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente da Deputación Provincial da Coruña, conforme á Resolución da Presidencia de concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Programa de axudas ao sector das orquestras e as verbenas (PEL-Concellos OV), (BOP nº 140 do 26 de xullo do 2022) e ás Bases reguladoras do PROGRAMA PEL –CONCELLOS_ AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS, INCLUÍDO NA LIÑA 1.3 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL, aprobadas por Resolución da Presidencia nº 2022/25825 do 30 de maio (BOP núm. 102, de 31 de maio de 2022).

3. DESTINATARIOS/AS DAS AXUDAS

Poderán ser beneficiarias destas axudas as comisións/asociacións organizadoras de festas patronais e populares do Concello de Cabana de Bergantiños, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Dispoñer de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número de identificación fiscal (CIF/NIF).
- b) Carecer de fins de lucro.
- c) Desenvolver as súas actividades no Concello de Cabana de Bergantiños
- d) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda ante o concello no que desenvolve a súa actividade para o mesmo obxecto para o que solicita a axuda.
- e) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, co concello e coa seguridade social.
- f) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

4. GASTO SUBVENCIONABLE

Terá a consideración de gasto subvencionable a contratación polas beneficiarias, dentro do período subvencionable, das orquestras que cumpran os requisitos que se establecen na base sexta.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade.

O importe do gasto subvencionable non poderá superar o valor razoable, segundo as normas contables nin o prezo de mercado.

Non se poderán utilizar intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo, aumentando así o prezo final facturado.

5. PERÍODO SUBVENCIONABLE

Para poder imputar a estas axudas a contratación das orquestras para as festas patronais e populares deberá esa contratación estar realizada no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022.

Non poderán imputarse a esta liña de axudas os gastos realizados con posterioridade a 31 de decembro de 2022.

6. REQUISITOS DAS ORQUESTRAS A CONTRATAR

As empresas titulares de orquestras que se van contratar para a realización das festas patronais e populares polas beneficiarias deberán cumprir cos requisitos seguintes:

- Ter o seu domicilio fiscal e social en Galicia.
- Ter unha antigüidade mínima de 2 anos de exercicio continuado na actividade, a considerar dende a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (31/05/2022), segundo a información recollida no certificado de situación censal da entidade.
- Declarar responsablemente que ten unha composición mínima de 6 membros, dos cales polo menos 4, deberán, na súa actuación, tocar un instrumento musical.
- Declarar responsablemente que o 80 por cento da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.

7. IMPORTE DA AXUDA

As subvencións faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 334.48000 por importe máximo de 7.000,00 €.

Este importe será repartido en partes iguais entre todas as entidades solicitantes que cumpran os requisitos para obter a subvención.

8. CONDICIÓNES ESPECÍFICAS

A obtención das axudas estará suxeita, ademais, ás seguintes condicións:

- O importe do conxunto de axudas ou subvencións concedidas á comisión/asociación solicitante polas distintas administracións públicas non poderá ser superior ao orzamento presentado da dita comisión/asociación.
- A empresa que facture os bens ou servizos debe estar dada de alta na actividade económica correspondente aos bens ou servizos que prové, e recollida no Certificado de situación censal da Axencia Estatal da Administración Tributaria, con anterioridade á data de emisión da factura.
- O incumprimento das condicións establecidas para a concesión destas axudas, xerará unha obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención percibida.
- As asociacións/comisións beneficiarias quedan obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos fiscalizadores públicos no exercicio das súas funcións.

9. PUBLICIDADE E USO DA LINGUA GALEGA

As beneficiarias deberán facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixeren das actividades ou investimentos subvencionados, así como na súa páxina web. Os logotipos do Plan de Emprego Local e da Deputación da Coruña están dispoñibles na dirección <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos-pel>



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega e esta deberá ser tamén a empregada nos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartellaría, folletos e equivalentes) e en calquera outro aspecto vinculado, sen que isto exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

10. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

As asociacións ou comisións de festas interesadas en participar nesta convocatoria terán que presentar a seguinte documentación:

- Solicitud de axuda no modelo que se achega como Anexo I, que deberá estar asinada por quen exerza a Presidencia da comisión/asociación, ou cargo equivalente, e que implica o sometemento pleno a estas bases.
 - DNI do solicitante
 - CIF da comisión ou asociación organizadora das festas.
 - Estatutos da asociación ou comisión de festas e certificación expedida pola secretaría da entidade, na que consten os membros da comisión/asociación con expresión de nome, DNI e cargo que ocupa na Comisión (Anexo IV).
 - Declaración responsable da persoa asinante da solicitude (Anexo II) sinalando:
 - Se a entidade solicitou ou obtivo doutro organismo algunha subvención para a realización dos mesmos programas e actividades, e, en caso afirmativo, a contía dela;
 - Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos na base terceira, incluído non ter pendentes obrigas tributarias e coa Seguridade Social;
 - Que as orquestras que se contratan cumpren os requisitos recollidos na base sexta.
- Isto, sen prexuízo de ter que presentar a documentación acreditativa de calquera destes extremos, no caso de ser esixida.
- Proxecto das actividades ou programa a realizar (Anexo III).

11. FORMA E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN

A solicitude e resto de documentación que debe acompañarse a ela deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello, a través da súa sede electrónica ou de forma presencial, ou ben por calquera dos medios e lugares previstos no artigo 16.4 da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións públicas.

O prazo para a presentación das solicitudes finalizará o día 14/04/2023.

12. RESOLUCIÓN

As solicitudes que cumpran cos requisitos previstos nestas bases serán propostas polo departamento de Cultura (Órgano instrutor) trala súa análise, para a súa resolución en sentido favorable.

O Concello poderá requirir ás solicitantes para que acheguen tanta documentación e información complementaria estime oportuna para fundamentar a solicitude realizada, así como para que se proceda á corrección dos defectos apreciados nela ou na documentación presentada para a xustificación da achega, todo iso no prazo de 3 días hábiles a partir do seguinte da publicación en sede electrónica do requirimento. No caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

A Resolución de concesión ditarase no prazo máximo dun mes dende a finalización do prazo para a presentación das solicitudes.

As axudas concedidas publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello (<https://sede.cabana.gal/sxc/gl/informacion/tablon/>) e na web municipal (<http://www.cabana.gal>), producindo o efecto de notificación colectiva a publicación no dito taboleiro da sede electrónica municipal, segundo o artigo 45 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución ou acordo de concesión de subvencións deberá conter a relación das entidades solicitantes que resulten beneficiarias e o importe concedido a cada unha, así como a



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

desestimación do resto de solicitudes, indicando o motivo. Contra a desestimación expresa poderá formularse os recursos que procedan.

O órgano competente para resolver é o Alcalde.

13. XUSTIFICACIÓN

Publicada a resolución ou acordo de concesión da subvención na forma establecida na base anterior, as entidades beneficiarias terán un prazo de 10 días hábiles para xustificar a realidade do gasto subvencionado.

A xustificación realizarase mediante a achega da seguinte documentación acreditativa da realización da actividade para a que se concedeu a subvención:

- Memoria completa da actividade realizada para a cal se solicitou axuda (Anexo III), a cal deberá estar asinada polo representante da asociación/comisión de festas.
- Declaración responsable da empresa titular da orquestra de que cumpre os requisitos da base sexta (Anexo V).
- Certificado de situación censual da entidade titular da orquestra acreditativa de que ten unha antigüidade mínima de 2 anos de exercicio continuado na actividade, a considerar dende a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (31/05/2022).
- Xustificación gráfica da actividade realizada.
- Exemplos da publicidade (impresa, informática ou audiovisual) que teñan feito das actividades ou investimentos subvencionados, onde quede claro o uso da lingua galega e conste a colaboración da Deputación da Coruña.
- Certificado bancario do número IBAN da conta titularidade da asociación/comisión beneficiaria na que se vaia realizar o pagamento, ou documentación xustificativa bancaria análoga.
- Facturas relativas aos conceptos expresados nos xustificantes de gasto, que serán, necesariamente, os mesmos que foron motivo da subvención. Achegarase con elas unha relación ordenada das ditas facturas, na que se indicará o número de factura, a data de factura, o nome e CIF do proveedor, o concepto e data de realización, o importe da factura con detalle de IVE e a data do pagamento material. A beneficiaria deberá figurar obrigatoriamente como destinataria da factura.
- Xustificante bancario do pagamento das facturas correspondentes. Só se admitirán pagamentos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100,00 €, sen que poidan ser obxecto de fraccionamento, e neste caso no documento deberá aparecer xustificada a recepción do importe por parte do emisor.

14. PAGO

Unha vez xustificada a subvención, realizarase o aboamento da cantidade correspondente mediante transferencia bancaria á conta indicada pola entidade beneficiaria.

No caso de que a cantidade xustificada sexa inferior á concedida, a achega municipal reducirase ata o importe efectivamente xustificado.

15. REGULACIÓN SUPLETORIA

En todo o non previsto nas presentes bases, a concesión desta subvención regularase polo disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, regulamento que a desenvolve, Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e Bases de Execución do Orzamento do Concello de Cabana de Bergantiños.

16. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Para os efectos de salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas deben quedar incorporadas ao Rexistro Público de Subvencións, así como os datos procedentes das solicitudes e concesións ou denegacións, aos



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30

Telefax 981 75 42 29

www.concello-cabana.es

cabana@concello-cabana.es

ficheiros correspondentes do Concello e da Deputación, quedando a salvo todos os dereitos dos titulares sobre eles.

17. FIN DA VÍA ADMINISTRATIVA

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o alcalde deste concello, no prazo dun mes que contará dende o día seguinte de recibir a notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo dos dous meses dende a dita notificación.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA

DATOS DO SOLICITANTE

ASOCIACIÓN/COMISIÓN DE FESTAS	
CIF/ NIF	
ENDEREZO	
LOCALIDADE	
C.P.	
TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO	

DATOS DO REPRESENTANTE

APELIDOS E NOME	
DNI/ NIE	
EN CALIDADE DE	

SOLICITA

Que lle sexa concedida unha subvención ao abeiro da convocatoria das axudas do concello de Cabana de Bergantiños, no marco do PEL-CONCELLOS-AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS DA LIÑA 1.3 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Esta solicitude implica o sometemento pleno ás condicións das bases da convocatoria.

En Cabana de Bergantiños, de abril de 2023

Asdo.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE (SOLICITANTE)

D./Dña. _____ con NIF _____,
en calidade de _____ da Comisión/Asociación

_____ con CIF/NIF _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

- Esta comisión/asociación solicitou axuda doutro/s organismo/s para a mesma fin: (si/non)

- Contía que obtivo por outras axudas ou subvencións: _____
- Que a asociación/comisión reúne os requisitos para ser beneficiario das axudas convocadas polo concello de Cabana de Bergantiños no marco do PEL- CONCELLOS-AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS INLCUÍDO NA LIÑA 1.3 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.
- Que dispón de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número de identificación fiscal (CIF/NIF)
- Que carece de fins de lucro.
- Que desenvolve as súas actividades no Concello de Cabana de Bergantiños
- Que non ten pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda ante o Concello no que desenvolve a súa actividade para o mesmo obxecto para o que solicita a axuda.
- Que está ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais, e coa seguridade social, segundo a base terceira e) da convocatoria.
- Que non está incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para recibir axudas ou subvencións públicas, segundo a base terceira, punto f) da convocatoria.
- Que a orquestra que se contrata reúne todos e cada un dos requisitos sinalados na bases sexta da convocatoria.

En Cabana de Bergantiños, de abril de 2023

Asdo.:



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ANEXO III

PROXECTO/MEMORIA DESCRIPTIVA DAS ACTIVIDADES

FESTA	
DATA	
LOCALIDADE	

Breve descripción das actividades en relación coas contratacións a realizar/realizadas:

En Cabana de Bergantiños de abril de 2023

Asdo.:



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ANEXO IV

CERTIFICACIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN/ASOCIACIÓN

D./Dña. _____ con NIF _____, como secretario/a da Comisión/ Asociación _____,

Certifico que os membros que forman parte desta Comisión/Asociación son os seguintes:

NOME	NIF	CARGO

En Cabana de Bergantiños, de abril de 2023

Asdo.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE (ORQUESTRA)

D./Dña. _____ con NIF _____,
en calidade de _____ da entidade _____,
con CIF/NIF _____ e domicilio fiscal e social en _____,
titular da orquestra _____,

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

- A orquestra ten unha composición mínima de 6 membros
- Polo menos 4 dos membros da orquestra tocaron, na actividade subvencionada, un instrumento musical.
- Polo menos o 80 por cento da actividade da empresa céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.

En Cabana de Bergantiños, _____ de abril de 2023

Asdo.

Cabana de Bergantiños, 29 de marzo de 2023

O alcalde

José Muíño Domínguez